

Eli Ríos: «A nova xeración de poetas somos fillas da rabia»

[Rodri García](#)

Eli Ríos (Londres, 1967) tivo a sorte de enchouparse da cultura oral dun avó practicamente analfabeto e aínda lembra cando no instituto lle faláron de Cunqueiro e descubriu impresionada que aquelas historias xa as escoitara. Ten cinco poemarios publicados e unha caixa chea de ideas que «calquera día me bota fóra da casa», e defende o respecto ao lector e a obriga do paso adiante. «Temos xeracións de lectoras que hai que gañar e gañalas desde hoxe, non desde onte», proclama.

11 mar 2016

<https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/fugas/2016/03/10/nova-xeracion-poetas-fillas-da-rabia/00031457634211193223780.htm>

Polo seu primeiro poemario, *nós escoitando o badalo de Marienplatz*, Eli Ríos recibiu o premio de poesía Concello de Carral. Aí empezou o seu camiño de publicacións de poemarios e relatos infantís.

-¿Con que anda agora?

-A finais de mes sae *Marta e a píntega gorrobella* (Galaxia), un conto infantil sobre a empatía, que é unha das grandes eivas que temos nesta xeración de consumismo rápido. Quería retratar ese tema e fíxeno a partir de figuras moi recoñecibles, tanto para as nenas como para os nenos, que son as das princesas da tradición de Grimm.

-¿Trae a actualidade eses personaxes clásicos?

-Si, ademais fíxeno utilizando un recurso que é a fraga encantada de Cambre, de Wenceslao Fernández Flórez, *O bosque animado*. Interesábame que as referencias fosen de aquí, non o de sempre: que as cousas pasen en Disney, en Nova York ou en París. Tamén nos pasan as cousas aquí, temos figuras máxicas, temos trasgos, temos meigas, temos mouras que temos que recuperar. O que fixen foi unir a tradición de Grimm coa tradición de Cambre.

-¿Xa publicara infantil?

-Empecei por *Bicha*, que é premio Pura e Dora Vázquez, e agora vou con este.

-¿Prefire a poesía?

-Fago de todo. As mulleres hoxe en día facemos de todo, desde poñer a lavadora a escribir un poema ou un relato para nenos.

-¿Desde cando escribe?

-Levo moito tempo, pero visible, de participar en certames, son cinco anos. Tiña moi poucos anos cando empecei. O que pasa é que tiña unha tradición oral detrás, porque eu crieime nunha aldea onde era moi importante a tradición oral e entón empreguei unha base literaria de atrás da que non sabía pero cando me puxen a escribir aí estaba.

-¿Cal era a súa aldea?

-Lesta, en Ordes. Era unha aldea pequerrechiña pero tiveron a sorte de que o meu avó era un gran contador de historias. Impresionárame despois, no instituto, cando empezaron a falarnos de Cunqueiro, que toda aquela xente contara historias que eu xa sabía.

-¿De onde sacaba o seu avó esas historias?

-Meu avó era practicamente analfabeto. Sabía ler e escribir pouco máis alá do seu nome. O que sabía era o que lle transmitiran, o que el oía e sabía escenificar moi ben. Falo disto e parece que nacín no século XIX, pero eu vivín as esfolas do millo e era xuntarse todos os veciños nunha eira e empezar un a contar e seguir outro. Tiveron a sorte de ver regueifas e regueifas naturais, non destas que aprenden nos libros, nas que empezaba unha muller, respostáballe outra e aí comezaba a regueifa. Todo iso perdeuse, a tradición oral...

-¿Resúltalle duro escribir?

-Si, hai xente capaz de escribir nun bar, nunha servilleta. Para min non, é un proceso no que podo pasar un ano ou dous pensando nun proxecto e despois sentarme a escribir eu soa. Necesito un grao de concentración moi alto.

-¿Non cree nas musas?

-Non. Creo no traballo duro, porque podes ter unha idea que é chulísima, pode ser a mellor idea do mundo, que se ao final non lle traballas ritmo, métrica..., non lle traballas todo tipo de recursos, queda niso: unha idea moi bonita.

-¿Pásalle moito iso?

-Continuamente. Ademais, se ves a caixa onde teño gardadas as ideas... Calquera día esa caixa bótame fóra da casa...

-¿Cómo é iso da caixa das ideas?

-Pois notas que tomas, unha idea que xurde dun sentimento que tes, dunha sensación, e que che gustaría desenvolver pero que pode ser que non sexa o momento...

-¿É certo que esixe aos seus lectores que pensen?

-É cuestión de respecto, porque se tratamos ao lector de imbécil será a sensación que deixemos. A xente é moi intelixente, busca ler e divertirse.

-Leva mal as etiquetas...

-Non me gustan nada, son totalmente contraria. Ao mellor hai xente máis entendida que lle pode poñer unha á miña obra, pero creo que non fixen nada que teña continuidade: lingüisticamente usei desde galego oficial ao reintegrado e teño poemas noutros idiomas; as temáticas son diferentes desde a reivindicación social de María Soliña ata o concepto do tempo de Borges no poemario *Anamnese*; e no infantil *Bicha* trata sobre o acoso escolar, e *Marta e a píntega*

gorrobella sobre a empatía... Ao mellor teño marcas que eu non estou detectando pero intento evitalas, escapar delas.

-¿De onde saíu esta nova xeración de escritoras?

-Somos fillas da rabia, porque durante moitísimo tempo quixeron impornos un modelo de literatura, un modelo de sociedade, e nós non queremos, nós queremos ser do século XXI. Aí tes a Rosalía Fernández mesturando a poesía coa imaxe e tamén coa música. Hai que evolucionar, hai que dar un paso adiante... Os clásicos están moi ben pero temos xeracións de lectoras que hai que gañar e gañalas desde hoxe, non desde onte.